

Xardíns de Méndez Núñez

CENTROS E ENTIDADES PARTICIPANTES

- | | |
|---|--|
| 1 CPR CRUZ ROJA A CORUÑA | 27 IES DE POIO |
| 2 EF EDUCACIÓN SANITARIA | 28 IES AGRA DO ORZÁN |
| 3 CENTRO OCEANOGRÁFICO DA CORUÑA | 29 CPR PLURILINGÜE ANDAINA |
| 4 FACULDADE DE FÍSICA USC - GRUPO DIVULGACIÓN LUZADA | 30 COLEXIO PLURILINGÜE COMPAÑÍA DE MARÍA |
| 5 CPR CALASANZ - PP. ESCOLAPIOS | 31 IES AFONSO X O SABIO |
| 6 IES EDUARDO BLANCO AMOR | 32 CPR MARISTAS CRISTO REY |
| 7 CPR LAS ESCLAVAS | 33 COLEXIO HIJAS DE JESÚS |
| 8 OBRADOIRO INTERNATIONAL SCHOOL | 34 CPR PLURILINGÜE SANTO DOMINGO FESD |
| 9 COLEXIO INTERNACIONAL EIRÍS | 35 CPR PLURILINGÜE MONTEGRANDE |
| 10 CICA - UDC CENTRO INTERDISCIPLINAR DE QUÍMICA E BIOLOXÍA | 36 CEIP LUIS SEOANE |
| 11 CITIC- UDC | 37 CEE MARÍA MARIÑO / IES MENÉNDEZ PIDAL ZALAETA |
| 12 FACULDADE DE CIENCIAS-UDC | 38 ORGANIZACIÓN |
| 13 CITEEC-UDC | 39 CÁTEDRA EMALCSA-UDC |
| 14 ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS-UDC | 40 CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL |
| 15 UNIDADE DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA E CULTURAL-UDC | 41 COLEXIO CALASANCIAS |
| 16 INIBIC | 42 IES MIRAFLORES |
| 17 CPR CHÍOS FORMACIÓN / SCIENCE&MORE | 43 IES DAVID BUJÁN |
| 18 IESP EUSEBIO DA GUARDA | 44 IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO |
| 19 CPR CID | 45 CPR PLURILINGÜE FOGAR DE SANTA MARGARIDA |
| 20 COLEXIO SANTA MARÍA DEL MAR (JESUITAS) | 46 IES ORTIGUEIRA |
| 21 CORUÑA BRITISH INTERNATIONAL SCHOOL (CBIS) | 47 IES A SARDIÑEIRA |
| 22 COLEXIO PLURILINGÜE FRANCISCANAS SAGRADO CORAZÓN | 48 COLEXIO SALESIANOS SAN JUAN BOSCO |
| 23 IES DE PASTORIZA | 49 CEIPP VICENTE OTERO VALCÁRCEL |
| 24 IES PLURILINGÜE ADORMIDERAS | 50 CEIP MESÓN DO VENTO |
| 25 IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA | 51 CPR LICEO LA PAZ |
| 26 IES MARÍA CASARES | 52 SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN - FED. PROV. ANPAS |
| | 53 CEIP SAGRADA FAMILIA |
| | 54 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO |

ACTIVIDADES PARALELAS

- CUAC FM 🕒 11:00 A 14:00
- RADIO CORUÑA CADENA SER 🕒 13:00 A 14:00
- CIENCIA CALIDADE **MONÓLOGOS** 🕒 17:30 A 18:00

COUSAS DE INTERESE

38 ORGANIZACIÓN

WC ASEOS

F FONTES



UNIDADE MÓBIL DE TRANSFUSIÓN DE SANGUE



AMBULANCIA

Parque de Santa Margarita

ACTIVIDADES PARALELAS


- | | |
|---------------------|--------------------------------------|
| 1 CASA DAS CIENCIAS | 4 BRICOLABS |
| 2 AGAX | 5 TALLER PAPIROFLEXIA |
| 3 INCUDE | 6 AGRUPACIÓN ASTRONÓMICA CORUÑESA ÍO |



1 CPR CRUZ ROJA A CORUÑA


- * Taller de Soporte Vital Básico
- * Microbioloxía e epidemioloxía
- * Elaboración de coldcream con produtos naturais
- * Simulación dun frotis sanguíneo
- * Extracción de ADN
- * Entender unha resonancia
- * Coñece a radiación


 Xardíns Méndez Núñez



2 EF EDUCACIÓN SANITARIA A CORUÑA

- * Detectives do sangue
- * Reto rápido
- * A receita da vida
- * Atrapa un ladrón
- * Fábrica de monstros
- * Micro-cambios, Macro-resultados
- * TAC TAC, quen é?
- * Como nos ven os médicos por dentro


 Xardíns Méndez Núñez



3 CENTRO OCEANOGRÁFICO DA CORUÑA

- * Pesqueiras sostibles: mostraxe biolóxica e sistemas de mercado de exemplares
- * Oceanografía física: física dos océanos
- * Plancto: diversidade destes organismos microscópicos

Xardíns Méndez Núñez




4 FACULTADE DE FÍSICA USC GRUPO DIVULGACIÓN LUZADA

Xogando coa luz


Obradoiros interactivos sobre polarización, luz, cor, guiado de ondas, ollo humano e láser.


Xardíns Méndez Núñez



5 CPR CALASANZ - PP. ESCOLAPIOS A CORUÑA

- * Hidróxeno verde
- * Videoxogos para persoas con parálise cerebral
- * Análise de densidades
- * Extracción de ADN e cromatografía


 Xardíns Méndez Núñez



6 IES EDUARDO BLANCO AMOR CULLEREDO

- * Inmunidade e vacinación
- * Real Expedición Filantrópica da Vacina
- * Estudo do solo e da cobertura vexetal
- * Observación microscópica

 Xardíns
Méndez Núñez




7 CPR LAS ESCLAVAS A CORUÑA


* Cámara escura e cianotipo

Recreamos a técnica fotográfica histórica empregando unha cámara escura para captar unha imaxe e deixala impresa sobre unha lámina tratada cunha mestura química sensible á luz ultravioleta.

* Recargar un dispositivo móbil co movemento

Aproveitando o efecto piezoeléctrico transformamos enerxía mecánica en eléctrica que empregamos para recargar un móbil.

 Xardíns Méndez Núñez




8

OBRADOIRO INTERNATIONAL SCHOOL A CORUÑA


- * Das ondas á sala de concertos. A física da música
- * *The green challenge*. Laboratorio de xerminación de sementes
- * SQL Injection
- * Proxectos de 4º da ESO


Xardíns
Méndez Núñez



9 COLEXIO INTERNACIONAL EIRÍS A CORUÑA

- * Caleidoscopio xigante
- * Ilusións ópticas: O que parece pero pode non ser
- * Poleas e polipastos
- * Estrutura tensegrítica. Aínda que parece que cae, sostense
- * Fluído non Newtoniano. O seu comportamento é "estraño"
- * SOS monumentos. Efectos da choiva aceda sobre as pedras
- * Pegadas únicas. O código secreto das túas mans
- * Construír taumotropo
Dedicado aos máis pequenos
- * Papiroflexia
Dedicado aos máis pequenos


 Xardíns Méndez Núñez




10

CICA - UDC CENTRO INTERDISCIPLINAR DE QUÍMICA E BIOLOXÍA

O CICA trae un espazo baseado en *One Health*, que une saúde humana, animal e ambiental. Con obradoiros prácticos, o público explorará o cancro, materiais para xerar frío e calor de forma máis sostible, química das cores, electricidade e baterías, proteómica e extracción de ADN. Unha proposta que amosa como a ciencia conecta ámbitos diversos para coidar a saúde global.


 Xardíns Méndez Núñez



11 CITIC- UDC

- * Robótica intelixente e cognitiva
- * IA contra o odio
- * Algoritmos verdes
- * O meu mapa das cancións que lembro
- * Presentacións de retos do proxecto «Talentos Inclusivos»
- * Observación solar e recoñecemento de manchas solares con IA
- * Navegando pola galaxia co telescopio espacial
- * Gaia e realidade virtual
- * Indución, circuitos e TIC para o desenvolvemento de proxectos
- * IA para mellorar a saúde da muller
- * Unha aplicación en incontinencia urinaria

 Xardíns Méndez Núñez




12 FACULTADE DE CIENCIAS-UDC


Experimenta e coñece a problemática da contaminación ambiental dos nosos mares, océanos e do aire que respiramos, que investiga o noso grupo QANAP

O grupo EXPRELA quere preguntarche. Sabes de que se alimenta a túa microbiota? Ou como se obtén o leite sen lactosa? Ou que alimentos teñen graxas e azucres?

Ven xogar cos nosos cromosomas limpiapipas


Sabes distinguir machos e femias de moscas


 Xardíns Méndez Núñez



13 CITEEC-UDC

Levaremos unha exposición itinerante composta por máquinas e equipos do noso centro en miniatura denominada miniCITEEC


 Xardíns Méndez Núñez




14

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS-UDC

- * Taller de estruturas: entendendo como funciona o mundo construído
- * Taller de materiais: o formigón non é o mesmo que o cemento
- * Enxeñería civil: presentando todas as ramas da enxeñería civil


 Xardíns Méndez Núñez



15 UNIDADE DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA E CULTURAL-UDC

- * Enerxía mariña: eficiencia e sustentabilidade en alta mar
- * Investigamos xogando!
- * Benvidos ao proxecto "mare nostrum"!
- * Arduino en Do Maior
- * Senda *arcoiris*


 Xardíns Méndez Núñez



16 INIBIC A CORUÑA

- * Descubrindo o invisible
- * Que vive nas túas mans... e nos teus obxectos?
- * Microbios que inflan globos
- * *Stranger things*
- * Teñen as froitas ADN?
- * Para que serven as próteses?
- * Mensaxes secretas con tinta invisible
- * As bacterias están en todos lados! Distinguimos entre bacterias "boas" e "malas"
- * Os FAGOS entran en acción para facer fronte ás bacterias "malas"!
- * Bólas en flotación
- * A folla deslizante
- * Detección de vitamina C

 Xardíns Méndez Núñez



17 CPR CHÍOS FORMACIÓN A CORUÑA


* Obradoiro de primeiros auxilios


Explicaranse as técnicas de SVB tales como a RCP de adulto e lactante ou a manobra Heimlich de adulto e lactante.

Tamén se amosarán os protocolos de actuación ante trastornos fisiolóxicos máis habituais como ICTUS, infarto ou epilepsia.

* Obradoiro de coidados de enfermería


Amosaranse os coñecementos técnicos que se requiren para o abordaxe de UPP e mobilizacións básicas de pacientes en domicilios.


 Xardíns Méndez Núñez



17 SCIENCE&MORE A CORUÑA


- * **Mundo STEAM ao redor dunha árbore urbana.** Abordaremos de xeito científico e artístico distintos elementos do ecosistema da árbore, mediante xogos experimentais e materiais didácticos creados polos nenos e nenas participantes de xeito artístico.
- * Identificación de especies ornamentais da Coruña
- * Resistencia do material mediante a determinación experimental do punto de rotura
- * Identificación do tipo de fauna aviaria e os seus niños presentes en cada planta
- * Diversidade microbiana nos substratos de cada planta


 Xardíns Méndez Núñez



18 IESP EUSEBIO DA GUARDA A CORUÑA

- * Camaleón químico
- * Sensor de humidade con transistores
- * Análise de egagrópilas
- * Tensigravidade
- * Descifrando códigos
- * Cúpulas de Leonardo


 Xardíns Méndez Núñez



19 CPR CID A CORUÑA

- * O fondo mariño. Teremos unha zona para idades temperás con actividades manipulativas
- * O primeiro ciclo de Primaria terá actividades de recoñecemento de peixes e as súas partes
- * O segundo ciclo de Primaria traballará a importancia das algas e diferentes aplicacións nas nosas vidas: alimentación e bioplásticos
- * O terceiro ciclo a importancia dos moluscos no fondo mariño

 Xardíns Méndez Núñez



20


COLEXIO SANTA MARÍA DEL MAR (JESUITAS) A CORUÑA

O alumnado de 1º ESO chegaranos ao mundo da programación e do control automático mediante placas micro:bit, mostrando exemplos reais presentes na vida cotiá.

Xunto a eles, o alumnado de 4º ESO desenvolverá numerosos experimentos con globos para achegar ao público fenómenos científicos sorprendentes e divertidos.





Xardíns
Méndez Núñez



21 CORUÑA BRITISH INTERNATIONAL SCHOOL (CBIS) A CORUÑA

«**Science solves the Crime**» é unha experiencia interactiva na que os e as visitantes resollen un caso de roubo ficticio desprazándose por unha serie de seccións separadas. Cada sección explora un campo científico diferente (psicoloxía, química, física e bioloxía) e demostra como as probas poden ser débiles, moderadas ou fortes, ao tempo que destaca como a ciencia axuda a interpretar as pistas con precisión e evitar erros.


 Xardíns Méndez Núñez




22

COLEXIO PLURILINGÜE FRANCISCANAS SAGRADO CORAZÓN A CORUÑA

Unimos bioloxía, física e química para entender o mundo e crear solucións aos retos ambientais. Analizaremos egagrópilas como “cápsulas do tempo” ecolóxicas e faremos ciencia pura. O cumio? Integrar enxeñaría e conciencia ambiental no deseño de Eco-Shell-E, un robot filtrador de plásticos para os nosos areais. Rigor científico e tecnoloxía ao servizo da natureza para protexer o noso futuro.


 Xardíns Méndez Núñez



23 IES DE PASTORIZA ARTEIXO


- * Química para Muggles. As reaccións químicas explicadas dacabalo entre a ciencia e a maxia
- * Robótica e programación educativas
- * Hologramas en 3D. A pirámide holográfica


 Xardíns Méndez Núñez



24 IES PLURILINGÜE ADORMIDERAS A CORUÑA

- * Ponte de Leonardo
- * Tecidos electrónicos
- * ADN do plátano
- * Maxia ou ciencia
- * Memes científicos
- * Luz e cor
- * Magnetismo
- * Impresión 3D


 Xardíns Méndez Núñez




25

IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA BAIO-ZAS

- * Elaboración de cosméticos
- * Extracción do ADN
- * Crebacabezas e xogos de lóxica e matemáticos
- * Actividades tecnolóxicas
- * Experimentos de electricidade e magnetismo
- * Hemisferios de Magdeburgo
- * Explicación do ciclo de vida dos vermes de seda
- * Experimentos curtos científicos
- * Experimentos con papiroflexia


 Xardíns
Méndez Núñez



26 IES MARÍA CASARES OLEIROS


- * Maqueta do IES cun paseo matemático mediante códigos QR e sensores
- * Proporções áureas, xogo do labirinto con cibercódigos e un volcán


 Xardíns Méndez Núñez



27 IES DE POIO POIO

- * Pasta de dentes para elefantes: os catalizadores nas reaccións químicas
- * Cambio de cor: química ou maxia? Indicadores de pH
- * Como realizar un espectroscopio caseiro: reflexión, refracción e difracción da luz
- * Podemos crear unha nube nunha botella?


 Xardíns Méndez Núñez



28 IES AGRA DO ORZÁN A CORUÑA


- * Por onde respiran as follas? E o resto da planta?
- * Vaime dar algo! Levaremos un boneco para facer a RPC
- * Queres xogar coas matemáticas?
Xogos como o trivial matemático, o tangram e de estatística
- * Non tires ao azar, mellor clasificar!
Un adestrador intelixente para a separación de lixo
- * Conéctate e xoga!
Xogos con microbit: un labirinto, xogo de pulso e un coche teledirixido
- * Pulsa máis que ninguén!: xogo con arduino


 Xardíns Méndez Núñez



29 CPR PLURILINGÜE ANDAINA CULLEREDO

- * Entendemos a presión atmosférica?
- * Hidráulica: como podemos usar a forza da auga!
- * Probamos algunhas reaccións químicas
- * Que non te enganen co azucre (*don't be fooled!*)
- * Cores ocultas: cianotipia, cromatografía e outras experiencias
- * A biodiversidade no centro escolar
- * Vida na auga


 Xardíns Méndez Núñez




30

COLEXIO PLURILINGÜE
COMPAÑÍA DE MARÍA
A CORUÑA

- * Extracción de ADN en froitas
- * Observación da mitose na cebola
- * Reconstrución de xenomas mediante ensamblaxe de grafos
- * "O baile eléctrico" explicando a electricidade estática
- * "Aparece e desaparece", baseado na Lei de Snell
- * "A vela que bebe auga", explica as leis dos gases e a combustión


 Xardíns
Méndez Núñez



31 IES AFONSO X O SABIO CAMBRE

- * Algoritmos de validación: o segredo da letra do DNI/NIE
- * Proxecto sobre anaformismos: anamorfofes ópticas; anamorfose catóptricas e proxeccións
- * Creación de antotipias empregando pigmentos vexetais
- * Obtención de estampados naturais téxtiles
- * Fabricación de plásticos biodegradables
- * Deseño de velas artesanais aromáticas
- * Cálculo de alturas de estruturas a partires das súas sombras
- * Factores que inflúen na velocidade de caída dun cono de papel


 Xardíns Méndez Núñez




32

CPR MARISTAS CRISTO REY A CORUÑA

- * Mamba Negra (reacción química de combustión e deshidratación)
- * O instante máxico (reacción química exotérmica)
- * A Noria de Simón (por que non é posible xerar enerxía de forma infinita?)
- * Escavadora hidráulica caseira
- * Cine de sons (visualizar ondas sonoras)
- * Semáforo químico (reacción química cambiante)
- * Ciencia máxica (experimentos variados)
- * Coche solar
- * Exposición minerais
- * Exposición cortadora láser
- * Exposición Mulleres Científicas

 Xardíns Méndez Núñez




33

COLEXIO HIJAS DE JESÚS A CORUÑA

A Terra: do ruxido do volcán ao pulso do robot

Levaremos proxectos relacionados coa evolución da terra ao longo dos anos, desde maquetas de volcáns e planetas ata robots.

Xardíns Méndez Núñez




34

CPR PLURILINGÜE SANTO DOMINGO FESD A CORUÑA

Naturarte - Proxectos tecnolóxicos para vencellar arte e ciencia (alumnos EP - ESO de Robótica). Presentaranse propostas interactivas de "debuxo sen pinceis", representación gráfica animada do voo dos estorniños e música computacional escrita en conta perforada.

Alumnado de EP presentará experimentos e actividades relacionados cos contidos traballados na aula: tecnoloxía (máquinas aparellos) e ciencias naturais (seres vivos)

 Xardíns Méndez Núñez




35

CPR PLURILÍNGÜE MONTEGRANDE
A CORUÑA**Actividades sobre o mundo de Mario Bros**

Explicaranse términos científicos sinxelos que aparecen no videoxogo: robótica, programación sinxela (levamos dous robots), aceleración, fricción e rozamento (coches do Mario Kart), máquinas simples (catapultas e poleas), magnetismo (labirintos magnéticos), unha cabina de luz negra e dous talleres de equilibrio e o concepto de pixel dentro dos videoxogos de Mario Bros.



Xardíns
Méndez Núñez




36 CEIP LUIS SEOANE OLEIROS

A ponte Seoane


Construcións de diferentes pontes e sistemas de apoio sen ningún tipo de suxeción.


Xardíns Méndez Núñez



37 CEE MARÍA MARIÑO A CORUÑA

- * Multiplicación de feitos (evolución/continuación do presentado no Día da Ciencia (2025). Presentaremos as plantas que multiplicamos.
- * Multiplicación de musgos (inicio dos traballos neste curso 2025-26). Mostrario de musgos que estamos a multiplicar e conservar. Microscopio binocular para visión de esporas en pantalla de ordenador, esporofitos e gametofitos, etc.
- * Mostrario de actividades do PFB de xardinería (Formación Profesional)

 Xardíns Méndez Núñez




37 IES MENÉNDEZ PIDAL ZALAETA A CORUÑA

Compartimos espazo con CEE María Mariño con temática común relacionada con plantas e xardíns: observacións de auga de charca, flores e musgos, cría de bolboretas e evidencias químicas da fotosíntese.


Parte do noso alumnado estará na haima do CITIC presentando Retos de «Talentos Inclusivos».


 Xardíns
Méndez Núñez



38 ORGANIZACIÓN

- * Punto de información xeral
- * Photocall
- * Megafonía

 Xardíns Méndez Núñez




39 CÁTEDRA EMALCSA-UDC

Dentro do programa «COAWA: A Comunidade da auga» realizaremos unha actividade interactiva cun xogo de cartas: H2O Protect, o desafío do sistema de auga urbana. A actividade baséase na metodoloxía da Aprendizaxe Baseada en Xogos (ABJ).

Desenvolverase un xogo de cartas cunha mecánica de ritmo rápido e altamente interactiva. O obxectivo metodolóxico é que as persoas participantes interioricen os conceptos do lema de COAWA: Auga, Medio e Persoas, experimentando directamente as ameazas e solucións do sistema de auga urbana a través do xogo, e sempre cunha perspectiva local.


 Xardíns Méndez Núñez




40

CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL
CORISTANCO


- * As arterias coronarias e os hábitos saudables que reducen o risco cardiovascular
- * Obtención do glute de diferentes cereais
- * O centro de masas dos corpos
- * A tensión superficial da auga
- * O principio de Bernoulli
- * Cores máxicas: química e arte natural.
- * Laboratorio de cor
- * Obradoiro de arte científica


 Xardíns Méndez Núñez



41 COLEXIO CALASANCIAS A CORUÑA


- * Sistemas de poleas. Asociacións de poleas para xerar vantaxes mecánicas
- * Fornos solares. Aproveitar a enerxía do sol para cociñar
- * Pilas naturais. Obtén electricidade con alimentos


 Xardíns Méndez Núñez



42 IES MIRAFLORES OLEIROS


- * Fractais (esponxa de Menger)
- * Sólidos arquimedianos
- * Sashiko
- * Diabliño de Descartes
- * Boliñas que cambian de cor
- * Microbit


 Xardíns Méndez Núñez



43 IES DAVID BUJÁN CAMBRE

- * Cianotipia
- * Experimentos coa lámpada de plasma
- * A luz dos átomos
- * Experimentos de cristalización
- * O perigo de fumar
- * Poliedros con materiais reciclados
- * Xogamos ao xadrez


 Xardíns Méndez Núñez




44

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO
RIBADEO

- * O Picudo vermello, a praga das palmeiras
- * Cubo flotante
- * Pulmón de palomitas e vapors
- * Azucre natural ou azucre engadido???
- * Pé diabético
- * Bebidas enerxéticas
- * Micro ARNs, os interruptores da expresión xénica
- * Inmunidade humoral e celular
- * Terapia con células CAR-T
- * As rodas do tren

 Xardíns Méndez Núñez




45

CPR PLURILINGÜE FOGAR DE SANTA MARGARIDA A CORUÑA


* A forma da auga: actividades relacionadas coa auga, as súas propiedades, usos, composición, coidados.


 Xardíns Méndez Núñez



46 IES ORTIGUEIRA

- * Experimentos baseados en diferentes propiedades físico-químicas da materia con resultados observables por cambios colorimétricos
- * Retos robóticos


 Xardíns Méndez Núñez




47 IES A SARDIÑEIRA A CORUÑA

Xogando coa enerxía

Exploramos distintas formas de enerxía e a súa transformación a través de experimentos interactivos: motores tipo Stirling, placas Peltier, usos prácticos da enerxía solar, automóbiles de auga salgada, pilas caseiras e un “tambor prehistórico”.


 Xardíns Méndez Núñez




48

COLEXIO SALESIANOS SAN JUAN BOSCO A CORUÑA

- * Peixe globo: o inflamamos?
- * Flor máxica: capilaridade
- * Pompas máxicas
- * Carreira de máquinas: os coches son máquinas?
- * Explosión de cores: coñeces o talco?
- * SALESCANSAT26: pequeno satélite
- * Radioactividade: xogo interactivo cun Geiger simulado
- * Deseño dun bioplástico: pulseiras, pelotas, cordas...
- * NeuroPlay: plataforma de adestramento cognitivo
- * Semáforo intelixente
- * Acido-base: cadro multicolor con disolucións ácido-base


 Xardíns
Méndez Núñez




49

CEIPP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL

- * Man robótica: unha man que se move coma a túa a base de palliñas e fíos
- * Grúa hidráulica: xiringas e auga para levantar obxectos con presión
- * Burbullas indestrutibles: unha mestura especial, case indestrutible
- * Tornado na botella: crearemos un remuíño que semella un tornado
- * A nosa operación: xogo eléctrico para probar a precisión sen tocar os bordos
- * Tinta invisible: escribe en segredo e descobre a mensaxe con calor ou luz

 Xardíns
Méndez Núñez




50

CEIP MESÓN DO VENTO
ORDES

- * *Stopmotion*: arte e ciencia en acción. Crea a túa pequena película e entende a ciencia da imaxe
- * Área da auga: lata flotante, arco da vella máxico e burbullas que non estoupan
- * Globos bailaríns: bota unha partida de *air hokey* cos nosos aerodeslizadores bailaríns
- * *Scratch e makey makey*. Observa as nosas creacións empregando o pensamento computacional e a linguaxe de programación


Xardíns
Méndez Núñez



51 CPR LICEO LA PAZ A CORUÑA

- * *Drawbots*: reciclaxe e arte
- * Maquetas de ecosistemas terrestres
- * Do infinito ao invisible - os átomos
- * Proxectos de coches e noras
- * Ciclo das rochas
- * Experimentos de química
- * Tangram
- * Xoguetes eléctricos con material reciclado
- * Condutividade eléctrica de rochas
- * Magnetismo
- * Xabón de glicerina
- * *Stembach*-proxectos: aprendemos sobre muones, gaudí e bacterias
- * Matemáticas-xeometría
- * Pirámide alimentos

 Xardíns Méndez Núñez




52


SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN FED. PROV. ANPAS A CORUÑA

Os corpos celestes que compoñen o universo: tipos, movementos, constelacións, etc.;

A influencia dos mesmos no ámbito da natureza: fases da lúa, marea, día e noite, estacións, clima e a súa relación coa astronomía.

A importancia da astronomía na cultura e a ciencia: avances científicos, novos descubrimentos e as súas aplicacións reais, científicos e astronautas destacados, etc.

 Xardíns Méndez Núñez



53

CEIP SAGRADA FAMILIA
A CORUÑA

Alumnos 3 anos

Partindo das cores primarias realizaremos mesturas para chegar a cores secundarias; empregaremos papeis de cores, luz e tinturas alimentarias. tamén xogaremos coas cores para facer "arcos da vella".


Alumnos 4º EP

Papel máxico: pintado de papel con cúrcuma e bicarbonato.

Bonecos bailaríns: bonecos de papel que bailan pola electricidade estática dun globo.

Mandarina flotadora: deben retirar unha mandarina sen que saia auga por fóra.

Xardíns
Méndez Núñez





54

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO A CORUÑA

O firmamento das emocións

Presentamos un conxunto de actividades para admirar, descubrir e imaxinar sobre o firmamento. Desde un enfoque lúdico con materiais moi sinxelos, imos construíndo un firmamento imaxinario, que vai debuxando trazos, animais, emocións... no que principalmente as estrelas agrúpanse en constelacións e no que tamén o sistema solar co sol, planetas e lúa teñen como sempre un lugar destacado.

 Xardíns
Méndez Núñez



COUSAS DE INTERESE

38 ORGANIZACIÓN

WC ASEOS

F FONTES




UNIDADE MÓBIL DE
TRANSFUSIÓN DE
SANGUE



AMBULANCIA



Xardíns
Méndez Núñez




1 CUAC FM

CUAC FM, a Radio Comunitaria da Coruña, acaba de cumprir 30 anos, os mesmos que cumpre o Día da Ciencia na Rúa. Iremos celebrar ambos aniversarios cun programa especial, en directo, dende o Palco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez, de 11 a 14 horas.

Escóitanos no 103.4 FM (A Coruña) e no noso streaming:
<https://cuacfm.org/directo/>

🕒 11:00 - 14:00

📍 Xardíns Méndez Núñez




2 RADIO CORUÑA CADENA SER

Programa «A vivir as rías», con Mayte González

🕒 13:00 - 14:00

📍 Xardíns Méndez Núñez




3 CIENCIA CALIDADE

MONÓLOGOS

- Alberto Gutierrez Que teñen en común Colón, Carlsberg e Sigmund Freud?
- Andrea Muras As bacterias da miña boca
- Laura Veiga A perruqueria, laboratorio de investigación
- David Garcia O parasito definitivo
- Antonio Cagide O dogma central da bica
- Eva Cabanelas Unha tese para dominalos a todos

🕒 17:30 - 18:00

📍 Xardíns Méndez Núñez



1 MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES

Os Museos Científicos Coruñeses celebran este día cunha xornada de portas abertas nos seus tres centros.

Horario visita 🕒 10:00 - 19:00

Último acceso

Aquarium 🕒 18:00

Casa das Ciencias / Domus 🕒 18:30

CASA DAS CIENCIAS

A visita será libre, sen reserva previa, e sempre que a capacidade non estea completa. As persoas que queiran asistir a unha sesión de Planetario na Casa das Ciencias deberán **retirar invitacións previamente, a partir das 9 horas do 8 de maio** nesta ligazón: <https://ticketing.coruna.gal/mc2/cc/>.

Haberá estas sesións:

11:00 «POLARIS» GALEGO / +4 ANOS

12:00 «LA GRAN AVENTURA DEL SISTEMA SOLAR» CASTELÁN / +7 ANOS

13:00 «VIVIR UNHA ECLIPSE» GALEGO / +10 ANOS

16:00 «DINOSAURIOS» CASTELÁN / +7 ANOS

17:00 «HAZENULTS » GALEGO / +4 ANOS

18:00 «VIVIR UN ECLIPSE» CASTELÁN / +10 ANOS

DOMUS


Visita libre, sen reserva previa, pero o acceso a **MiniDomus**, o novo espazo para nenos e nenas de ata 6 anos acompañados de polo menos unha persoa adulta, esixirá a realización dunha **reserva previa**, que poderá facerse **desde as 9 horas do 6 de maio** nesta páxina: <https://ticketing.coruna.gal/mc2/minidomus/>

AQUARIUM FINISTERRAE

Para visitar o Aquarium este día é **imprescindible realizar unha reserva de entradas**, que poderá facerse cun máximo de 3 días de antelación nesta dirección: <https://ticketing.coruna.gal/mc2/aq/>.

Para facilitar o acceso ás persoas maiores de 65 anos, estas poderán acceder sen reserva, acompañadas doutra persoa se o precisan.

📍 Parque Santa Margarita



2 AGAX ASOCIACIÓN GALEGA DE XADRECISTAS

ACTIVIDADES

Partidas libres ao xadrez e damas en taboleiros xigantes

🕒 Desde ás 11:00

Partidas libres en taboleiros de competición

🕒 Desde ás 11:00 (excepto horarios torneos)

Difusión doutros xogos de estratexia de mesa
(en colaboración co INCUDE)

🕒 Desde ás 11:00 (excepto horarios torneos)

TORNEOS

Pasapezas

🕒 12:30

Xadrez en liña


🕒 14:30

Torneo Javier Novelle

Xadrez rápido

🕒 16:30

📍 Parque
Santa Margarita



3 INCUDE INICIATIVAS CULTURAIS E DEPORTIVAS UNIVERSITARIAS

ACTIVIDADES LIBRES

🕒 Desde ás 11:00

Dominó con pezas para derrubar

Tangram

Catro en liña

Xogos de lóxica e puzzles de madeira.

Difusión doutros xogos de estratexia de mesa durante o día salvo en horarios de torneos (en colaboración con AGAX)

TORNEOS


Afundir a flota

🕒 11:30

Catro en liña

🕒 16:00


📍 Parque
Santa Margarita



4 BRICOLABS

- * Techno-Trendy - Bixutería electrónica
- * Diseño de placas electrónicas con software Libre (KiCAD)
- * Taller de soldadura Badge BricoLabs
- * Como funcionan os teus videoxogos 2.0: matemáticas, código e silicio


📍 Parque Santa Margarita



5 TALLER DE PAPIROFLEXIA

Taller para todos os públicos onde se poderá ter un primeiro contacto coa arte do origami (arte xaponesa do pregado do papel). Co apoio das persoas responsables da actividade e as instrucións dunha guía, seguindo os pasos de realización dos pregados, o público poderá entreterse realizando distintas figuras de papel (barquiños, estrelas, grúas, pombas, etc.).


 Parque Santa Margarita



6 AGRUPACIÓN ASTRONÓMICA CORUÑESA ÍO

Todas as actividades xirarán arredor da próxima eclipse do día 12 de Agosto de 2026, pola súa singularidade e a oportunidade que temos de gozar de semellante evento astronómico na nosa cidade. Levamos un panel expositivo e varias actividades de formación e explicación das eclipses.

📍 Parque Santa Margarita



DCR

'26

30ª
EDICIÓN
DÍA
DA CIENCIA
NA RÚA

